

QUEIXUMES DA GUERRA

O son dunha granada inimiga resoou nos meus tímpanos e causou un aturdimiento intermitente no meu cerebro. Xa sabía o que ía acontecer: perda temporal da escoita e enturbamento da visión entre outras. Por este motivo, decidín trasladarme a unha zona detrás das silveiras, agochado do corpo inimigo e da miña propia brigada, da que só quedaban cincocentos soldados aproximadamente.

Dun momento a outro comecei a perder a consciencia, sentindo a miña mente devagar entre recordos felices e traxedias. A lembranza da declaración da Guerra Civil quedara marcada a lume na miña retina, o momento no que dixen: <<Como imos loitar contra os nosos? É unha parvada>>. Eu seguía a pensar que era unha inxustiza matar aos nosos irmáns, pero véndoo todo dende o campo da guerra parecía unha realidade irreparable.

—Retirada! Correde!—escoitei como berraba o capitán Corredoira desesperadamente mentres todo corrían tras del.

—Non podo—respondín nun suspiro inintelixible, apoiándome nas miñas derradeiras forzas.

De súpeto, a miña cabeza comezou a latexar con intensidade mentres os meus ollos se pechaban lentamente. Caendo na inconsciencia, logrei escoitar pasos achegándose, pasando preto de min e agochándose ao meu carón. O seu cheiro a alcohol entrou como lume polo meu nariz mais, sen estar capacitado para moverme, deixei que me despoixara do meu uniforme para logo levar o meu corpo ás costas.

—É este o último?—escoitei falar aos meus captores mentres cargaban o meu corpo nunha camioneta militar, na que sentín a miña perna rozar ca pel dun descoñecido.

—Por hoxe si, voltemos ao campamento—dixo o maior, do que cheguei a albiscar que levaba uns lentes pequenos e grosos na punta do nariz, o que lle daba un aire intelectual. No momento que a camioneta se comezou a mover, deixei levar polo cansazo.

Ao día seguinte espertei nunha sala de coidado aos feridos. Non sabía onde estaba situada exactamente, pero supuxen que non importaba: unha vez recuperado sería asignado a outra sección. Os meus pensamentos vagaron entre os meus posibles próximos destinos e a descoñecida gravidade das miñas feridas mentres percorría coa mirada os mobles do meu redor. Só había unha mesa de noite ao meu carón cunha bandexa de comida,

que deducín que correspondía ao outro enfermo do lugar. Este era un home da miña idade, cuberto completamente por vendaxes agás os ollos, que tiña inxectados en sangue.

Dun momento a outro entrou unha enfermeira no cuarto. Era loira, de pelo curto e tiña o seu uniforme cheo de sangue, o que seguramente tapaba a bandeira azul do noso bando. Mais non foi iso o que vin xa que, cando se achegou ao home vendado, vin un escintileo vermello na parte superior da bata.

Non tiña sentido.

Era imposible.

Intentei frotar os ollos coas miñas mans vendadas. Seguramente todo fora un problema de visión derivado dunha conmoción cerebral ou algo semellante. Pero non, canto máis miraba máis vermello vía por todas partes: unha bandeira na parede, restos dun uniforme nun recuncho ou no selo dunha carta. Era evidente que ese sitio pertencía ao bando contrario.

Instintivamente, tratei de coller, coas mans tremendo, a pílula que tiña gardada no meu antigo uniforme por se me atrapaban os inimigos, coma neste caso, e así evitar unha morte precedida de torturas. Non obstante, entrei en pánico ao me decatarme de que as enfermeiras me despoxaran do meu traxe durante o período de inconsciencia e me deixaran nunha simple camiseta de tiras branca.

—Non faredes nada comigo! Son libre!—berrei coa voz quebrada mentres me erguía rapidamente para coller o bote de lixivia do recuncho esquerdo da habitación. Mais cando fun dar o seguinte paso, descubrí horrorizado como o meu pé non aterraba no chan coma de costume, pois no seu lugar só había os restos dunha amputación.

A enfermeira, que naquel momento estaba a atender ao outro ferido, tornou para min sobresaltada cando caín. Rapidamente, marchou da habitación para chamar ao doutor e, uns minutos despois, entraron os dous a paso acelerado. O doutor semellaba contrariado cando se axeonllou para axudar a poñerme en pé e levarme ata a cama, mentres a enfermeira quedaba vixiando a porta da habitación de forma sospeitosa.

Antes de deixarme caer no case inexistente colchón, o doutor fíxolle un aceno coa cabeza á enfermeira, quen pechou a porta lentamente para apoiarse nela. O seu comportamento resultaba moi estraño, pero decidín non facer ningún comentario ao respecto ao observar a expresión do doutor cando se inclinou cara min, comezou a ollar atentamente cada unha das miñas feridas e tapou a miña boca coa man.

—Non sei como imos xustificar a túa morte. A parte da amputación, os danos xerais do corpo non son graves—comentou o doutor desgustado.

Inmediatamente comecei a berrar aterrado polas palabras que acabara de escoitar. Non obstante, o son saía apagado pola man daquel home que non semellaba sorprendido pola miña reacción. A enfermeira ergueuse para coller unha xiringa da caixa pequena cunha etiqueta de <<anestésicos>> que se atopaba na mesa de apoio adxacente ao meu

catre e rapidamente se dispuxo a inxectarme no brazo dereito a substancia. Mais, antes de que puidera introducir a agulla na miña pel, o doutor agarrouna polo pulso para evitalo.

—Non será necesario, Sabela, estou seguro de que o noso amigo entenderá a situación—díxolle o doutor á enfermeira para despois dirixirse a min—. Xa sabes que estamos en bandos contrarios e que, no caso de que alguén descubra que estás aquí, morrerás en menos dun minuto. Ti non queres morrer, non?

—Supoño que non.

—Pois para logralo deberás seguir as nosas instrucións. Ela dirache todo o que necesitas saber por agora—indicou. A enfermeira mirouno con cara preocupada, pero el torceu a faciana con pesadume.

Despois, saíu do cuarto murmurándolle algo á enfermeira no oído. Ela comezou a dar voltas ao redor da estancia ata que atopou uns planos feitos á man do que parecía ser a base na que estabamos nese momento. O debuxo estaba cheo de marcas feitas a lapis con distintas cores que indicaban rutas.

—Para saír de aquí finxirás estar morto. O doutor notificará a túa morte baixo a identidade do home que está ao teu carón. Non te preocupes, non lle queda moito tempo...—fixo un aceno incómodo coa cabeza para sinalar ao home vendado que xacía inconsciente no catre da esquerda—. Logo, levareite por este corredor ata o camiión dos cadáveres. Alí estarás agochado entre outros corpos destinados á fosa común máis próxima e...

—Un momento—cortei a súa fala para aclarar a miña profunda confusión—. Non entendo nada. Quen sodes vós e por que me axudades?

—Somos persoas atrapadas nunha guerra que non desexamos—contestou ela coma se fose evidente—. E ti es unha vítima máis disto, por iso estamos axudándoches. Tamén o doutor Carballo e eu perdemos persoas queridas no conflito bélico recentemente.

De súpeto, abriuse a porta e entrou de novo o doutor Carballo a paso rápido cuns documentos na man. Sen despegar a mirada das follas, achegouse ata nós, apartou á enfermeira e procedeu a taparme coa saba do catre á vez que colocaba unha pequena etiqueta no meu pé coa miña identidade falsa. Nese momento, miles de ideas de escape pasaron pola miña cabeza, mais decidín continuar quedo e finxir que estaba morto ata comprender que estaba a ocorrer. Comecei a escoitar a voz do doutor enumerando as circunstancias da miña morte e o son do bolígrafo escribindo apresuradamente sobre o papel.

Pasados uns minutos de silencio, tensei o corpo ao notar como me transportaban desde o catre ata unha padiola, que se empezou a mover lentamente. Sentín as fochancas do terreo irregular no tremer dos meus ósos e oín as voces de distintas persoas que se afastaban de min con rapidez. Tras un intre, o medo instalouse no meu corpo, polo que, arriscándome a ser visto, tornei a cabeza e movín delicadamente a saba coa que estaba tapado para ollar unha pequena fracción do que estaba a acontecer no exterior.

Vin moito movemento: había enfermeiros correndo dun lado para outro, camas de enfermos sendo desprazadas e xente ferida que chegaba ao lugar. Unha das mulleres que tomaban na porta de entrada os datos das persoas que ingresaban estableceu contacto visual comigo inesperadamente mentres pasaba ao seu carón. Tratei de disimular poñendo en branco a mirada e deixando a man morta, pero souben que era demasiado tarde cando sentín como unha forza freaba a cama.

—Ti, enfermeira, para—escoitei mentres aguantaba a respiración—. Creo que o “morto” que levas está vivo. Non mintas.

—Non sei de que falas—agregou calma a enfermeira, Sabela—.O doutor Carballo notificou a súa morte. Non quererás dicir que un profesional non sabe facer o seu traballo, non?

—Eu...—non puider escoitar toda a oración porque a padiola comezouse a mover de novo, esta vez con máis présa.

Sentín un golpe e notei cambios no terreo: probablemente xa chegamos ao exterior, preto do vehículo de cadáveres onde sería depositado. Mentres avanzabamos, Sabela dictoume os pasos que debía seguir para saír con vida en voz baixa e discreta, procurando non chamar a atención de persoas non desexadas.

No momento da parada final, varias mans alcanzaron o meu corpo e tirárono no que supoñía que era o camiión. Tardei uns minutos en decatarme do que iso significaba: estaba rodeado de cadáveres amontoados sen xeito, probablemente algúns xa estiveran en descomposición. Unhas náuseas invadiron as miñas entrañas, pero esperei a que o camiión empezara a súa traxectoria para cambiar de postura corporal.

Uns cantos quilómetros despois, quitei a saba do meu corpo e admirei o contorno. O primeiro que vin foi o marabilloso ceo: estaba a punto de anoitecer e a lúa asomaba por detrás dos piñeiro e dos carballos que trazaban o camiño de terra que seguía o vehículo. Non obstante, uns intres despois decateime dos corpos que se xuntaban en posicións imposibles xunto a min. Todos eles estaban envoltos en sabas cheas de sangue, mais puider adiviñar certas partes do seu corpo que non se atopaban nun bo estado.

Abraiado pola cruel visión que estaba a presenciar, comezouseme a nubrar a vista e entrei en pánico. Mirei cara a todos os lados para que se despexara a miña vista e atopei algo que me chamou a atención: a pequena etiqueta que me puxeran o doutor Carballo e Sabela coa miña falsa identidade. Nela, estaba escrito un nome. Álvaro Carballo.

Todo encaixou na miña mente no momento no que lin a etiqueta. O ferido de morte ao que eu lle roubara a identidade apelidábase Carballo, igual que o médico. Tiña toda a lóxica posible: o fillo do doutor morrería nunhas poucas horas e o seu pai decidira facer un acto caritativo, pois vivira nas súas carnes a traxedia da guerra.

Finalmente, tras moito cavilar, quedei quedo no sitio, desfrutando do momento de liberdade que esta situación outorgaba. Estaríalle sempre agradecido ao doutor Carballo e a

Sabela pola súa solidaria axuda, que me marcaría para o resto da miña estancia no mundo de maneira trascendental. A partir deste momento, nunca obraría de forma egoísta. Así, mentres ollaba para as estrelas que comezaran a aparecer no ceo, recei ata que quedei durmido de novo, arroupado polo son dos grilos na natureza.

-Doménikos